



8 Marzo

2022



Das palabras aos FEITOS PARA A IGUALDADE TEMOS UN PLAN

OS PLANS DE IGUALDADE SON A FERRAMENTA FEMINISTA NOS CENTROS DE TRABAJO

Acabouse a paciencia! Porque a paciencia ten un límite, este **8M** adoptamos o lema sufraxista «das palabras aos feitos» e imos pasar á acción porque «para a igualdade temos un plan».

Cansadas de esperar que o tempo sitúe a igualdade real como principio. Enfastiadas, horrorizadas e resistentes ao negacionismo e o avance da dereita. Preocupadas pola elevada crispación no propio movemento feminista e ante a necesidade de abrir diálogo e espazos novos, CCOO traballa cada día por conseguir mellorar as condicións de vida e de traballo das mulleres con feitos concretos.

A revolución feminista é tan intensa coma inmensa, transversaliza calquera acto ou actividade por mínima que poida parecer, ata o punto

de provocar importantes friccións de reconfiguración social e mesmo económica; por iso, nesta revolución imparabile, CCOO quere seguir sumando, coma sempre o fixo, o seu granciño de area. A actuación cotiá de defensa da igualdade e a loita contra a discriminación levou á aprobación unánime da inclusión do feminismo como principio estatutario no último Congreso. Isto implica asumir o feminismo e a perspectiva de xénero en todas e cada unha das súas políticas de maneira transversal con feitos e non só con palabras, cun plan.

Algúns destes feitos son moi recentes e, só por exemplificar, podemos falar da importancia que para as

traballadoras ten a aprobación da reforma laboral, a suba do salario mínimo interprofesional ou a dos salarios mínimos dos convenios. Ao que debemos engadir o traballo cotián das delegadas e delegados sindicais nos seus centros de traballo: informando, asesorando, acompañando e negociando nas distintas comisións (de xornada e horarios, prevención de riscos laborais, etc.). A este labor veuse sumar a negociación, posta en marcha e avaliación das medidas e plans de igualdade. E estes son feitos, non palabras.

Estes feitos supoñen unha mellora importante na vida das mulleres e, sobre todo, das máis vulnerables; por iso este **8M**, desde a Secretaría da Muller, Igualdade e Políticas LGBTI+ queremos poñer en valor este traballo. As mulleres necesitamos recursos suficientes para termos unha vida autónoma, un traballo seguro, decente e con boas condicións laborais para conseguir estabilidade, unha asunción responsable dos coidados e os labores domésticos por parte do Estado e dos homes, para non estarmos sobreexplotadas e termos certo benestar. Feitos, non palabras.



Os centros de traballo son o espazo onde se desenvolve a actividade sindical e alí é onde o sindicato vai levar o feminismo. **Os dereitos fundamentais non se deixan nas portas das fábricas.**

Este **8M** pasamos das palabras aos feitos. É o momento de levar o esforzo feminista do Sindicato dos últimos anos ás relacións laborais. A acción sindical organizada derredor da centralidade do traballo promove a expansión dun sindicalismo feminista universal e integrador que converte a nosa organización en axente de igualdade, dinámico e socializador, onde as feministas de todo tipo confluímos.

Este **8M** queremos recoñecer o traballo cotián feminista que delegadas e delegados realizan na súa actividade diaria, pero tamén usar esta data para que nos centros de traballo se debata sobre as desigualdades e discriminacións existentes neles e dentro das súas empresas. Facer as traballadoras e traballadores cómplices do cambio e contar con elas e eles para conseguir transformar a discriminación en igualdade. Pasamos «das palabras aos feitos» porque os últimos reais decretos que negociamos nos permiten **situar os plans de igualdade como ferra-**



menta feminista que reverta os desequilibrios laborais, económicos e sociais entre homes e mulleres en miles de empresas deste país. É o momento de garantir o cumprimento normativo e de que as empresas pequenas apliquen medidas e as grandes e as administracións públicas negocien e tamén apliquen los plans de igualdade.

Este **8M** buscamos con feitos que, desde a negociación colectiva, afrontemos unha organización das relacións laborais diferente para procurar unha vida distinta para homes e mulleres, que atendan os coidados corresponsablemente e que lles permita ás mulleres vivir unha vida autónoma e segura en igualdade e exercer as súas liberdades dentro e fóra do centro de traballo.

Para CCOO, todos os días son 8 de marzo pero, aproveitando a data, MANIFESTA o seu compromiso por levar o feminismo aos centros de traballo nas súas múltiples formas, e colocar os plans de igualdade como a súa ferramenta política. Así mesmo, quere con isto contribuír a ensanchar o feminismo sumando espazos e que as actuacións nos centros de traballo se engadan á acción feminista que outros colectivos despregan na rúa.

Por todo isto, con este manifesto propoñémoslle á RLPT despregar a acción feminista en todos os seus centros de traballo, mediante as fórmulas que consideren idóneas, o día 8 de marzo pola mañá; e a todas as traballadoras e traballadores, que asistan ás convocatorias das manifestacións que se realicen nas súas respectivas cidades.

Porque o feminismo non se deixa nas portas das fábricas e xuntas somos máis fortes.



#TEMOSUNPLAN
#8MSEMPRE

